

## Acta da Comisión de Calidade. 30 de XANEIRO de 2017

Acta da Comisión de Calidade que tivo lugar o día 30 de xaneiro de 2017 ás 10:30 h no Salón de Graos, en 2ª convocatoria, coa asistencia dos membros abaixo indicados[1] e coa seguinte orde do día:

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do vicedecano de Calidade.
3. Informe favorable, se procede, do informe de revisión pola dirección: DE03P1.
4. Informe favorable, se procede, dos auto-informes para a renovación da acreditación dos graos en Educación Infantil e Educación Primaria.
5. Informe favorable, se procede, do plan de promoción do centro 2016/2017.
6. Suxestións e preguntas.

**Comeza a sesión ás 10:08, seguindo a orde do día.**

Desculpan a súa ausencia Águeda Gutiérrez, Josefina Garrido e María Mercedes Álvarez Lires.

- 1) Apróbase
- 2) O vicedecano de Calidade Ezequiel Rey Eiras informa sobre o proceso de acreditación dos graos de Infantil, Primaria e Ciencias da Actividade Física e do Deporte.  
Agradece aos axentes implicados no proceso de acreditación a súa colaboración; ao equipo decanal, comisión de calidade, bolseiros de calidade, coordinadores dos graos, membros da Xunta de Facultade e ao resto de persoas implicadas.  
O vicedecano procede a detallar:  
No procedemento "Informe de revisión pola dirección" analízanse 30 evidencias e 15 indicadores para cada un dos graos, e a partir de esta análise elabórase o autoinforme de renovación da acreditación no que se teñen detectado unha serie de puntos febles que xa se están a resolver; estase a piques de lanzar a nova páxina web axustada ás necesidades do centro e ás esixencias da normativa, ademais revisouse a adecuación das guías docentes de todas as materias.  
O vicedecano informa así mesmo do calendario específico coas datas da visita dos membros da comisión avaliadora para a acreditación:  
15 e 16 de marzo en Ourense, para os graos de Infantil e Primaria  
6 de Abril en Pontevedra, para o Grao de CCAFD



ASISTENTES: Asistentes: Alvariñas Villaverde Myriam, Antón Ogando Ana Pilar, Cancela Carral José Mª, de la Fuente Adoración, Fernández Villarino Mª de los Ángeles, González González Salvador, Rey Eiras Ezequiel, Romo Pérez Vicente, Silva Piñeiro Roberto ( en representación do COLEF), Soto Carballo Jorge, Varela Casal Cristina.

Por último se detalla o calendario do proceso de acreditación dos másters DIP, MUNEAE e de Investigación. O prazo para a entrega de documentación remata o 30 de xuño para o Máster de Dirección Integrada de Proxectos e o 31 de marzo para o Máster MUNEAE e o Máster de Investigación.

- 3) Apróbase
- 4) Apróbase
- 5) Apróbase
- 6) Non hai

Remata a sesión ás 11:00 a.m.

En Pontevedra, 30 de xaneiro de 2017.

A secretaria da Comisión	V. e Pr., o presidente da Comisión
	
Varela Casal, Cristina	Ezequiel Rey Eiras



ASISTENTES: Asistentes: Alvariñas Villaverde Myriam, Antón Ogando Ana Pilar, Cancela Carral José M<sup>a</sup>, de la Fuente Adoración, Fernández Villarino M<sup>a</sup> de los Ángeles, González González Salvador, Rey Eiras Ezequiel, Romo Pérez Vicente, Silva Piñeiro Roberto ( en representación do COLEF), Soto Carballo Jorge, Varela Casal Cristina.